


Camiño de Fisterra



MUXÍA - LIRES

Lugares polos que se pasa:

Muxía, Xurarantes, O Seixiño, Martineto, Prado la Lagoa, Viseo, Touriñán, Talón, Lires.

Muxía – Xurarantes 3.00 km



Sáimos de Muxía polo Secadoiro de congros do Coído. Pasamos a praia de Lourido, onde pensan construír un Parador de Turismo. Na parte posterior da praia está o monte Cotrulleiros con todas as características dun asentamento castrexo.

Xurarantes – Viseo 7.90 km



Dende aquí, comencamos a ascensión que finalizamos no Seixiño. Atravesamos Figueroa e continuamos ata un pequeno caserío –Aboi- para chegar a Viseo.

Viseo -Touriñán 1.60 km



Atravesamos un maxestuoso piñeiral que nos acompañará ata a igrexa de San Martiño

de Touriñán. Con dous corpos de campás e rodeado de edificacións en ruínas que forman un fermoso e interesante conxunto.



Chegamos a Touriñán, con arquitectura tradicional e canastros de pedra.



Touriñán - Lires 5.60 km

Cabo Touriñán

Península de 1 km de longo. Na parte máis estreita mide 150 m de ancho, entre os coídos de Balal e Cuño. Posúe unha altitude máxima de 93 m sobre o nivel do mar. De estrutura xeolóxica granítica, a erosión da rocha propiciou a formación de depósitos de coios e formacións que as mareas cubren ou deixan ao descuberto formándose algún illote como A Ínsua, no oeste do cabo. A punta occidental do cabo, chámase Os Buxeirados e agocha unha serie de rochas coñecidas como A Laxe de Buxeirados, moi perigosa para a navegación, onde se teñen constatado varios naufraxios.



Consideráse o segundo cabo máis occidental de Galicia con $9^{\circ} 18' 19''$ ao Oeste de Greenwich a penas superado polo Cabo da Nave en Fisterra e o Cabo da Roca en Portugal, con $9^{\circ} 29' 50''$

Hai un proxecto para construír nel unha xigantesca piscifactoría.



Seguimos bordeando a costa cara Nemiña, cunha pequena igrexa **románica** que paga a pena admirar: **San Cristovo de Nemiña**

É un templo románico de reducidas dimensións (13 x 6 m.), a máis pequena das igrexas románicas da comarca. Consta dunha soa nave rectangular, cuberta de madeira e ábside cadrado, cun arco de acceso apoiado sobre dúas columnas adosadas que rematan en sendos capiteis decorados con temas vexetais, semellantes ós da igrexa de Frixe. A bóveda que cubre o ábside é apuntada.

Pese a que esta igrexa carece de elementos decorativos de importancia, se ben as súas proporcionadas dimensións, así coma a pureza do seu estilo, pois tan só se lle engadiu un campanario no século XVII e unha sacristía nun lateral do ábside, fan dela unha construción de elevado interese dentro da arte románica rural.

Segundo nos conta o cardenal Xerónimo de Hoyo nas súas Memorias, este templo foi asaltado dúas veces polos ingleses.

A súa renda era tan módica que tan só lle correspondía "Media vaca fera que lle deu un veciño e oito ducados que lle concedeu o dono dun navío". (Fonte: Concello de Muxía)



Chegamos á **praia de Nemiña**

Praia aberta. Lonxitude: 800 metros

Ocupación: Alta

Tipo de arena: Fina

Descrición

Praia de entorno virxe.

Cun amplo areal con forma de enseada, que se estende dende Nemiña ata a praia de Lires. Con base de area de cor branca.

Nela desemboca o río Castro. Gran beleza do seu entorno natural.

Dadas as súas características, é escollida por moitos surfistas para a práctica deste deporte.



Na outra beira da Ría está Lires, final de recorrido e que nos recibe logo de atravesar o río Castro por unha ponte de pedra de recente construción que veu substituír ás poldras que estaban case permanentemente baixo as augas fluviais.

Ponte do Vao Silveiro

